

A Fontaneira – A Fontaneira (Santiago) – Baleira, 1981-02
Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (66)
Compiladora: Dorothé Schubarth
Transcrición: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

- Esto... a veces querían máis ben que lle las cantara, eu daquela era xoven. E querían que lle las cantara e quedábanse escoitando.
- Ah, era para escoitar. Eso non era para labor.
- Si.
- ... cancións. A Ruada. A empresa Ruada esa de Coruña viñeron cuatro días tamén alí.
- Cuatro días?
- Si.
- Bueno, ben chega.

I 34e

Ó cabo leiro, ó cabo
o cabo leiro do trigho
que se o amo é honrado
hanos de dar o cuartillo.

- Era un cuartillo de viño. Daquela, en vaga de litros, un cuartilliño, ai Dios, e tiña para oito días.

I o meu fouciño non corta
o meu fouciño me falla
fáltalle o sobremango
o sobremango lle falta.

I 21

Carmeliña foi á sega
e cortouse co fouciño
e vaille facer as curas
o seu amor Manoliño.